



---  
ORDENANZA FISCAL Nº 11  
**ORDENANZA FISCAL REGULADO-  
RA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDA-  
DES ECONÓMICAS.**

Artigo 1º.

De conformidade co previsto nos artigos 88 e 89 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o coeficiente e a escala de índices do imposto sobre actividades económicas, aplicables neste municipio, quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 2º.

Para tódalas actividades exercidas neste termo municipal, as cotas mínimas das tarifas do imposto sobre actividades económicas, serán incrementadas mediante a aplicación sobre estas do coeficiente único do ....

Artigo 3º.

1. Para os efectos previstos para a aplicación da escala de índices do artigo seguinte, as vías públicas clasificaranse nunha única categoría fiscal.

2. Anexo a esta ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste municipio con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha delas.

3. As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético, serán consideradas de última categoría, permanecendo cualificadas así ata o primeiro de xaneiro do ano seguinte a aquel no que aprobe o Pleno desta Corporación a categoría fiscal correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

Artigo 4º.

Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo segundo desta ordenanza fiscal, tal como preceptúa o art. 89 da referida lei, e atendendo á categoría fiscal da vía pública

onde radique a actividade económica, establécese a seguinte escala de índices:

Categorías fiscais das vías públicas.

Índice aplicable: 1,1 - 1ª categoría.

Artigo 5º.

No non expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 3ª da sección 3ª do capítulo II do título II da citada Lei 39/1988, concordantes e complementarios desta e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 20 de novembro de 1998, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

O ALCALDE.- A SECRETARIA.